




Juana Teresa Juega


Emilio Pereiro



José Manuel Rodríguez Pampín



Antonio Hermida



Manuel Taboada Roca


# MELIDE DAS LETRAS



Mingos de Pita



Antonio Taboada Roca



Jesús Raído



Amador Rodríguez Martínez



Carlos Parrado



Nilo Cea



Rafael Vázquez Taboada



Eduardo Álvarez Carballido

Centro de Estudos Melidenses



Museo  
da Terra  
de Melide



CONCELLO  
DE MELIDE

# MELIDE DAS LETRAS

O Concello de Melide, por iniciativa do Museo da Terra de Melide, homenaxea os escritores/as falecidos/as, que naceron ou viviron na vila, coa colocación de 12 placas conmemorativas nos inmóbeis onde moraron.

Trátase de converter as casas que habitaron en memoria, para que o legado literario que nos deixaron non sexa esquecido co paso do tempo e que as novas xeracións coñezan e valoricen a historia literaria e cultural de Melide.

Son doce escritores e unha escritora os homenaxeados:

**EMILIO PEREIRO QUIROGA**

**JUANA TERESA JUEGA LÓPEZ**

**EDUARDO ÁLVAREZ CARBALLIDO**

**ANTONIO L. TABOADA ROCA**

**MANUEL TABOADA ROCA,  
CONDE DE BORRAXEIRO**

**AMADOR RODRÍGUEZ MARTÍNEZ**

**NILO GEA RODRÍGUEZ**

**RAFAEL TABOADA VÁZQUEZ**

**JESÚS MOSTEIRO RAÍDO**

**XOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ PAMPÍN**


**ANTONIO HERMIDA RODRÍGUEZ**

**CARLOS V. PARRADO GAREA**

**XOSÉ DOMINGOS CIDRE BASTIÁN FUCIÑOS GÓMEZ  
"MINGOS DE PITA"**




**EMILIO PEREIRO QUIROGA**

(Furelos, 1873 - Melide, 1941)  Rúa do Progreso, 39

- ◆ Avogado e poeta.
- ◆ Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela.
- ◆ Secretario municipal e alcalde do Concello de Arzúa no ano 1926.
- ◆ Autor de poemas e contos en prosa, en castelán e en galego, publicados na *Revista Gallega* da Coruña e en *Follas Novas* da Habana, entre outras.
- ◆ A súa produción literaria está custodiada nos arquivos da Real Academia Galega.



**JUANA TERESA JUEGA LÓPEZ**

(Laxe, 1885 - Melide, 3-12-1979)  Rúa do Progreso, 39

- ◆ Poetisa e narradora.
- ◆ Colaboradora habitual no diario *El Eco de Galicia* da Coruña.
- ◆ Autora dunhas 70 composicións literarias en verso e en prosa, en castelán e en galego.
- ◆ Autora do libro de poesía *Alma que llora* (1908), publicado para beneficiar a institución benéfica El Niño Descalzo, fundada por María Barbeito na Coruña.




### EDUARDO ÁLVAREZ CARBALLIDO

(Oroso, 1843 - Melide, 28-12-1913)  Rúa do Progreso, 9

- ◆ Médico-cirurgián e historiador de Melide.
- ◆ Nomeado académico correspondente da Real Academia Galega no ano 1906.
- ◆ Autor dun amplo repertorio de estudos históricos sobre Melide e a súa comarca, publicados en *Galicia Histórica*, *Galicia Diplomática* e no *Boletín da Real Academia Galega*.
- ◆ Creador dun museo particular con fondos documentais, arqueolóxicos e históricos da Terra de Melide.
- ◆ Contemporáneo do betanceiro Alfredo Álvarez González, notario de Melide, afeccionado á arqueoloxía, sendo ambos os precursores nos estudos históricos da comarca melidá.




### ANTONIO L. TABOADA ROGA

(Melide, 6-2-1899 - Madrid, 10-5-1978)  Rúa do Progreso, 6

- ◆ Farmacéutico e historiador de Melide.
- ◆ Inspector farmacéutico municipal.
- ◆ Correspondente da Real Academia Galega.
- ◆ Numerario do Seminario de Estudos Galegos.
- ◆ Correspondente de varias academias e institutos xenealóxicos do Brasil, Chile, México e Perú.
- ◆ Considerado por Antón Fraguas Fraguas como "o mellor xenealoxista de toda España".
- ◆ Autor do capítulo 3 Notas Históricas do *Terra de Melide* (Seminario de Estudos galegos, 1933) e de numerosísimos traballos de índole histórica publicados na revista *Nós*, no *Boletín da Real Academia Galega* e nos *Cadernos de Estudos Galegos*, entre outros.
- ◆ Impulsor do proxecto que propiciou que os membros do Seminario de Estudos Galegos viñesen a estas terras para estudar a comarca en profundidade e así xestar o *Terra de Melide*.



### MANUEL TABOADA ROGA, CONDE DE BORRAXEIRO

(Melide, 17-1-1904 - Madrid, 3-3-2006)  Rúa do Progreso, 6

- ◆ Maxistrado do Tribunal Supremo, académico da Real Academia Española de Jurisprudencia y Legislación e da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.
- ◆ Correspondente da Real Academia Galega.
- ◆ Director da revista *Foro Gallego* entre 1950-1960.
- ◆ Membro do Instituto Luís Salazar y Castro do CSIC.
- ◆ Autor de numeroso ensaios sobre aspectos xurídicos, ademais de artigos sobre a historia de Melide.
- ◆ Colaborador e articulista no *Boletín do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide*, sendo o autor do prólogo do primeiro e segundo número, editados no ano 1982 e no 1983.



### AMADOR RODRÍGUEZ MARTÍNEZ

(Melide, 1910 - Melide, 15-10-1946) 📍 Rúa do Convento, 7

- ◆ Presbítero (que exerceu o seu ministerio na parroquia de San Pedro desta vila), galeguista e investigador do folclore e da tradición oral da Terra de Melide.
- ◆ Coautor, xunto a Vicente Risco, do capítulo 6 do Terra de Melide (Seminario de Estudos Galegos, 1933), baixo o título *Folklore de Melide*.
- ◆ Definido por Xosé Filgueira Valverde coma "colaborador áxil, polo coñecemento dereito da poesía tradicional, das crenzas, dos costumes, da mitoloxía, lendas e feitizos e da ciencia do pobo sobre o ceo, os elementos, a saúde e a vida".

### NILO GEA RODRÍGUEZ

(Melide, 4-11-1926 - Oleiros, 16-4-2016) 📍 Ronda da Coruña, 10



- ◆ Mestre de ensino público na escola de Furelos.
- ◆ Docente, narrador, poeta, contador de contos, debuxante, caricaturista e tallista en madeira.
- ◆ A admiración e o respecto polo discurso galeguista da Xeración Nós, con cuxos integrantes mantiña correspondencia, foi a fonte de inspiración da súa obra gráfica e escrita recompilada nas series: *A escola, os escolantes e máis os rapaces da aldea* (prosa) *Contos recolleitos e contos discorridos postos en verso* (poética) *Contos do Mariano* (prosa).
- ◆ Unha ampla mostra da súa obra artística, debuxos e tallas en madeira, pode admirarse no Museo da Terra de Melide.

### RAFAEL TABOADA VÁZQUEZ

(Melide, 4-11-1926 - Oleiros, 16-4-2016) 📍 Rúa San Antonio, 4



- ◆ Sacerdote, docente, museólogo e escritor.
- ◆ Doutor en Dereito Canónico pola Universidade Pontificia de Comillas.
- ◆ Coengo doutoral e abade da R. e I. Colexiata de Santa María do Campo da Coruña.
- ◆ Fundador e director do Museo de Arte Sacra da Colexiata de Santa María do Campo.
- ◆ Capelán do Real Club Deportivo da Coruña.
- ◆ Docente en numerosos centros educativos de ensino medio, universitario e de FP.
- ◆ Académico correspondente da Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario.
- ◆ Receptor da Medalla Castelao, da Medalla da Coruña e da Cruz de San Raimundo de Peñafort.
- ◆ Promotor do IES de Melide e benfeitor da vila.
- ◆ Articulista na prensa e autor de numerosos ensaios sobre temática relixiosa, social e cultural.

### JESÚS MOSTEIRO RAÍDO

(As Cazallas, 1934 - Melide, 5-11-2012) 📍 Rambla de San Pablo, 42



- ◆ Mestre de ensino público, profesor de Lingua Española e Francés e director do CEIP N.º 1 de Melide.
- ◆ Avogado colexiado.
- ◆ Membro do Padroado de Cultura e Deportes do Concello de Melide, constituído no ano 2001 para potenciar a vida cultural na vila de Melide.
- ◆ Medalla de Bronce do Concello de Melide no ano 2000.
- ◆ A partir da súa xubilación dedícase á escritura, sendo autor dun total de trece obras en prosa e tamén en verso, tanto en galego como en castelán, entre as cales salientan títulos como *Lis, uns e outros*, *Nosas poesías* e *Aventura fitomicolóxica*.

### XOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ PAMPÍN

(Melide, 1940 - Melide, 4-06-1997) 📍 Ronda da Coruña, 34



- ◆ Crego, teólogo, docente e escritor.
- ◆ Sacerdote de fonda convicción galeguista, impulsor e defensor da liturxia en lingua galega.
- ◆ Formou parte do grupo de traballo que acometeu a tradución da Biblia ao galego.
- ◆ Impulsor da 2.ª edición do *Terra de Melide* (Seminario de Estudos Galegos, 1933) do ano 1978.
- ◆ Narrador e dramaturgo, autor de numerosos ensaios sobre a Igrexa galega e de pezas teatrais, publicadas nas páxinas das revistas *Grial* e *Encrucillada*, salientando tres dramas clásicos titulados: "Creón, Creón", "Alcestes" e "Ifixenia non quere morrer".
- ◆ No ano 2024 foi incorporado ao Álbum de Galicia do Consello da Cultura Galega en recoñecemento á súa enorme dimensión literaria e galeguista.

### ANTONIO HERMIDA RODRÍGUEZ

(Melide, 5-5-1940 - Melide, 3-12-2005) 📍 Rúa do Progreso, 15



- ◆ Avogado, historiador e investigador.
- ◆ Coautor da entrada sobre Melide na *Gran Enciclopedia Galega* (tomo 29).
- ◆ Investigador da historia medieval e moderna de Melide.
- ◆ Autor de numerosos traballos históricos sobre o establecemento do Burgo Novo medieval de Melide e sobre o seu amurallamento, das casas e linaxes dos Ulloa, Castro, Altamira e Moscoso, dos foros de Melide, da Asemblea de Melide de nobres e prelados do Reino de Galicia do ano 1520, entre outros moitos artigos documentais.

### CARLOS PARRADO GAREA

(Melide, 28-9-1947 - A Coruña, 14-12-2021) 📍 Rúa Mateo Segade Bugueiro, 33



- ◆ Investigador, activista cultural e político.
- ◆ Activista cultural na Asociación Veciñal Agra do Orzán da Coruña, cidade na que desenvolve a súa actividade profesional no eido da banca.
- ◆ Recoñecido investigador e autor especializado nos movementos libertarios e na guerrilla antifranquista nas comarcas de Melide e da Ulloa.
- ◆ Autor de diversos traballos, entre os que destaca o libro *Curuxás, o guerrilleiro que non cazou Franco*, editado por A Nosa Terra.

### XOSÉ DOMINGOS CIDRE BASTIÁN FUCIÑOS GÓMEZ "MINGOS DE PITA"

(Melide, 8-11-1949 - Melide, 5-09-2017) 📍 Praza do Convento, 2



- ◆ Activista cultural, galeguista, mestre gaitero, investigador e político.
- ◆ Fundador e presidente da Asociación Cultural Terra de Melide.
- ◆ Cofundador do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide.
- ◆ Socio e fundador da Asociación de Gaiteros Galegos.
- ◆ Gaitero e cofundador de Froito Novo e fundador dos grupos O Castro de Toques e de Axóuxere.
- ◆ Coautor da entrada sobre Melide na *Gran Enciclopedia Galega* (tomo 29).
- ◆ Autor de numerosos traballos históricos sobre o Melide contemporáneo e da súa cultura musical.

# MELIDE DAS LEZAS



- 1 Eduardo Álvarez Carballido  
Rúa do Progreso, 9
- 2 Emilio Pereiro Quiroga  
Juana Teresa Juega López  
Rúa do Progreso, 39
- 3 Antonio L. Taboada Roca  
Manuel Taboada Roca, Conde de Borraxeiros  
Rúa do Progreso, 6
- 4 Amador Rodríguez Martínez  
Rúa do Convento, 7
- 5 Nilo Cea Rodríguez  
Ronda da Coruña, 10
- 6 Rafael Taboada Vázquez  
Rúa San Antonio, 4
- 7 Jesús Mosteiro Raído  
Rambla de San Pablo, 42
- 8 Xosé Manuel Rodríguez Pampín  
Ronda da Coruña, 34
- 9 Antonio Hermida Rodríguez  
Rúa do Progreso, 15
- 10 Carlos Parrado Garea  
Rúa Mateo Segade Bugueiro, 33
- 11 Xosé Domingos Cidre Bastián Fuciños Gómez  
"Mingos de Pita"  
Praza do Convento, 2
- 12

Centro de Estudos Melidenses



Museo  
da Terra  
de Melide



CONCELLO  
DE MELIDE